

XVII. CONCURSO DE RELATOS CURTOS

REPSOL - YPF

Primeiro Premio en Versión Galega

Título: «LEVOUNO O MAR»
Autora: CELIA PARRA DÍAZ
Centro: I. E. S. AS LAGOAS (Ourense)

AÑO 2.004

Lema: Serea

Levouno o mar

Celia Parra Díaz

Os días esvaran polo coador do tempo á velocidade da luz. As horas mortas tirada na area da praia pasarán a ser un vago recordo do que foi o mellor e o peor verán á vez. Os minutos corren ó ritmo dos segundos cando, tombada na praia, deixando escorregar a area entre os meus dedos, escoitando o vaivén das ondas, intento serenar a miña mente e facer memoria de todo o que aconteceu, afastando os malos recordos do meu maxín. Agora, nos últimos días de agosto, dáme terror pensar que as vacacións están a rematar, que terei que regresar á rutina e enfrontarme ó mundo real.

Bótoo tanto de menos... Non me afoego á idea de que xa non o volverei ver... xa nunca máis... agora os seus profundos ollos azuis están pechados para sempre e os seus cálidos beizos xamais se volverán abrir. O destino fixo que nos coñecésemos, pero tamén que tivésemos que separarnos. Aínda recordo con claridade o primeiro día que o vin: foi coma se un lóstrego quente me percorrese o corpo cando o mirei, cando nos miramos. E despois, afondamos un no outro, sabendo cousas de cada un, e o que ó primeiro parecía amizade converteuse en amor. A maneira en que as súas mans sempre atopaban as miñas, que encaixaban coma as pezas dun crebacabezas. Os seus ollos, eses grandes ollos que me atraían coma imáns, e que se mergullaban nos meus coma se me lesen a mente. Os seus bicos ó solpor, estomballados na area, escoitando o son do mar. E os nosos corpos, que naceron só para estar unidos e xa non volverán estalo.

O mar quitoulle a vida, e quitoume un pouco da miña tamén, pois el era o meu alento, as miñas ganas de vivir. Morreu por salvarme, si, pero aínda me sigo

preguntando, aínda agora me remorde a conciencia, porque ¿que tería pasado se non nos atopásemos con aquel diario? Esa abisal criatura fixoo desaparecer na negrura do fondo do mar, cando el loitaba por min, por que a besta non me atrapara. Pero, cánto daría eu agora por estar no seu lugar, por aliviar este sentimento de culpa que me invade. Morreu por salvarme. E só eu son a culpable, e sigo vivindo, e cada día que pasa sinto que non debería estar aquí, que é gracias a el, e non debo aproveitarme, non podo ser feliz xa... Quizais se non nos aventurásemos seguindo o noso instinto, se non forxásemos un sentimento tan forte, se non nos chegásemos a coñecer... nada de isto tería pasado.

Ó final do día no que comezou a nosa perdición estábamos xuntos na praia contemplando o solpor. As frescas ondas acariñaban os nosos pés nus, as nosas mans unidas fundíanse coa area e o ceo era o espello do noso amor. De repente, vimos un obxecto que o mar arrastrara á beira da praia, era un diario, ou mellor un caderno de bitácora, coas tapas cheas de balor, desgastadas, e a tinta medio esvaída. Collémolo e (cánto lamentarei sempre ese momento) comezamos a ler.

As primeiras follas falaban de aspectos da vida cotiá nun barco, nada interesante. Poderíamos ter parado de lelo nese punto, pero algo nos dicía que había unha historia, un segredo, esperando por nós. E así foi, as nosas sospeitas confirmáronse porque unhas páxinas máis adiante mencionábase unha antiga lenda mariñeira. Falaba dunha criatura descoñecida que habitaba no fondo do mar e era a causante dos maremotos, tormentas, ou mesmo da tranquilidade do océano. Alongábase na explicación de supostas aparicións ós mariñeiros, e no feito de que se quedaba cos cadáveres que se lle antollaban, e por iso algúns nunca foi posible atopalos. Pero, unha folla máis adiante, a caligrafía, antes coidada e esvelta, tornouse trémula, descoidada e salpicada por pingas que impedían entender o escrito:

"Está aquí. Xa chegou, e ningún poderá facer nada para impedirlo. Eu serei o seguinte, seino. A pesada maldición que caeu sobre a nosa xente ha continuar, ó longo de tempo, sen que os nosos se decatem. Coma agora. Os vellos da familia tómanme por tolo, os mariñeiros ténceno coma un feito común, imprevisíble, pero todo ten unha orde clara, é unha tarefa. E eu estou envolto nela. Cada 100 anos morre a mans da besta un da nosa estirpe, desde hai miles de anos. E todo porque o capitán do "Gaiivota", un parente moi lonxano, logrou desafiá-lo monstro, ata o punto de quitarlle un oll. E ela maldicinosos, díxo que morreríamnos no mar, unha vez cada 100 anos, sen interrupción nin final, nenos e adultos, para sempre. Xa se ve vir. Ven por min. Digo o meu último adeus, agora formarei parte do mar, ningún me poderá salvar, estou condenado. Xa se acerca. Téncome que ir. Estame mirando a min. Adeus.

Dario Penas Monte, 1672"

O que lemos deixounos sen respiración. O diario tiña que ser dalgún familiar meu, presentíao... e ademais un dos apelidos... coincidía co meu. ¿E se eu era a seguinte? Abraceime fortemente ó meu amor, e el cubriume cos seus brazos, dúas mantas cálidas que serenaron a miña emoción.

Ó día seguinte espertara cansa, por mor dun pesadelo: afogaba no mar, e unha besta ría, mofábase de min, eu pedía auxilio pero ninguén parecía decatarse dos meus berros. Non puideren máis e fun consultar a necrolóxica da miña familia. O relato do neno

era verdadeiro. Cada 100 anos había un falecemento no mar, mentres que os demais eran por causas naturais. Calculei canto tempo pasara desde o último e... neste ano cumpríase o prazo. Unha sensación de desacougo invadiume completamente, tiña que ser eu, non cabía outra posibilidade, xa que non teño irmáns. Decidín non volver pór o pé nun barco, nin internarme no mar. Pero estaba demasiado asustada para pensar, non podía razoar. ¿Por que...? non quería morrer, non agora, non...

El esperábame na praia, á tardiña, coma sempre. Nada máis ver os seus grandes ollos desapareceu da miña mente toda sensación de preocupación. Sentíame protexida ó seu carón. Os seus brazos rodeándome, forxando un paraugas invisible para que nada me puidese atacar. Un paraugas no que só estábamos nós dous.

Convidoume a tomar un baño refrescante nas transparentes augas da praia. Ó principio non quería, dábame pánico pensar que, detrás de cada burbulla de auga, había alguén ou algo esperando acabar comigo. Accedín. Díxome que non se separaría de min, que estaría comigo en todo momento e non deixaría que esa criatura me atrapase. Bañámonos durante bastante tempo, estábamos no noso mundo, felices, rindo, salpicándonos, bicándonos. Tanto que non nos decatamos do que sucedía ó noso redor. Non nos decatamos de que estaba a piques de estalar unha tormenta, que o ceo, antes colorado e apracible, tornárase gris e pesado. Tampouco nos decatamos de que cada vez nos íamos internando máis, e de que as nubes relampaban con furia.

De repente, unha estela branca viña xusto na nosa dirección, alborotando as augas. E, sen darnos tempo o sequera de preguntamos qué era iso, unha forza invisible succionoume mar dentro. Quixen berrar, pero entroume auga pola boca, tentei zafarme daquela forza, pero era imposible. Ó lonxe oía os seus berros chamando por min, coa voz quebrada, ata que o vin mergullarse na auga, decidido, a salvarme. Tiña ganas de chorar, non podía soportalo, pero o meu amor estaba cada vez máis preto e unha chispa

de esperanza acendeuse no meu espírito. Estendín unha man. El tamén. E logrou collerme, pero agora a corrente arrastrábanos ós dous. Entón unha masa deforme de burbullas, cun ollo enorme, apareceu xunto a nós. El saíu disparado cara a ela, e colgouse do «lombo». Eu estaba a piques de estoupar, case non tiña respiración, desexaba que todo acabase dunha vez, non quería sufrir nin velo sufrir.

Tras uns segundos de loita, conseguí facerlle un corte no ollo coa súa navalla, e a criatura proferiu un terrible alarido. Deixoume a min e atrapouno, e eu comecei a subir. Pero agora non quería, tiña que axudalo, non o podía deixar alí. Vin nos seus ollos azuis, eses fermosos ollos que xamais volverei ver, un aceno de espanto e sufrimento. Pero el sinalou cara arriba, querendo dicir que me fose, que salvase a vida. Non podía. E xusto nese instante sentín un lategazo de dor nos meus pulmóns, e despois de botarlle a última mirada, e de acenar un bico coa man, nadei ata a salvación. Ó chegar á superficie aínda non respiraba ben, pero boteime a chorar desconsoladamente. Non cría o que pasara, tiña que ser un pesadelo, era demasiado horrible.

Pasei tres días chorando sen tregua, pechada no meu cuarto, sen ver a ninguén. Ó cabo conseguí serenarme, pero algo cambiou en min. Sei que xa non volvo se-la mesma, teño un baleiro moi grande no meu interior, no meu corazón. Ese baleiro era o lugar que el ocupaba na miña vida, case toda ela. E xa non está.

Agora, tombada na praia, deixando escorregar a area entre os meus dedos, escoitando o vaivén das ondas, intento serenar a miña mente... pero non son capaz. El érao todo para min. E xa non está.